



Expte. 3617/2025

Asunto: Convocatoria de subvencións por concorrência competitiva destinadas a agrupacións de corais do municipio de Nigrán aprobadas mediante resolución núm. 2025-1865 de data 16/09/2025

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A AGRUPACIONES CORAIS DO MUNICIPIO DE NIGRÁN (2025)

O texto íntegro das bases pode consultarse na seguinte URL:
<https://nigran.sedelectronica.gal/preview-document/ae788d19-dd88-43ae-ad06-93e5c8971e71/>

1. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións destinadas a Asociacións de corais con domicilio social ou establecemento permanente no Municipio de Nigrán, en réxime de concorrência competitiva e dentro dos límites orzamentarios que en cada exercicio se especifiquen.

As axudas e subvencións outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, libre concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como o de eficacia e eficiencia.

2. RÉXIME XURÍDICO

As presentes bases serán complementadas polas bases xerais reguladoras da concesión de subvencións; polas bases específicas que rexerán a concesión de subvencións para actividades culturais así como polas bases de execución do orzamento xeral de 2025.

Ademais será de aplicación, no non previsto expresamente, a Lei 9/2007, de 13 de xuño co seu regulamento de desenvolvemento (o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia) e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións co seu regulamento de desenvolvemento (o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo) e demais normativa de desenvolvemento e complementaria.

Cantas dúbidas xurdan na interpretación, aplicación ou efectos das presentes bases serán resoltas polo órgano concedente da subvención.

3. FINANCIAMENTO

Aos efectos do cumprimento do obxecto da convocatoria, o financiamento efectuarase con cargo ao crédito de 18.000,00 euros contemplado na partida orzamentaria 334.48001 correspondente.

4. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán concorrer á convocatoria desta liña de subvencións, as asociacións ou entidades





que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran circunstancias previstas nas disposicións específicas destas bases reguladoras e desenvolvan ou pretendan desenvolver unha actividade cultural coral e que cumpran os requisitos establecidos nas bases específicas.

5. FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación correspondente será de **quinze días hábiles** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que **se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude**; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

A Solicitude presentarse **por medios electrónicos**, utilizando o **formulario electrónico** dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Nigrán de **uso obrigatorio** para os interesados no que determinará a **axuda solicitada en función dos gastos previstos e de acordo cos criterios de valoración establecidos no artigo 7**, achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, segundo o establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

6. CONTÍA DAS AXUDAS

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de **6.000,00 euros**. As subvencións concederanse de acordo cos criterios establecidos no artigo 7 das bases específicas.

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

Establécese como **prazo máximo para a xustificación da subvención ata o 31 de marzo de 2026**.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

